

O LIBRO DOS PORCOS

Texto e ilustracións de ANTHONY BROWNE

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ 'OLI'

Encadernado en cartón. 21 x 25 cm. 40 páx. 16 €.

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL PORTUGAL)

O libro dos porcos (galego)

ISBN 978-84-8464-571-9. Tras os montes.

El llibre dels porcs (catalán)

ISBN 978-84-8464-588-7. Kalandraka.

Urdaburutarrak (éuscaro)

ISBN 978-84-8464-572-6. Kalandraka.

O livro dos Porquinhos (portugués)

ISBN 978-972-8781-45-3. Livros para sonhar.

Il maialibro (italiano)

ISBN 978-88-95933-51-1. Libri per sognare.

O señor Porcón vivía cos seus fillos, Miguel e Antón, nunha bonita casa cun bonito xardín, e cun bonito coche nun bonito garaxe. Dentro da casa estaba a súa muller. "Bule co almoço, muller". Berraba todas as mañás antes de marchar para o seu importantísimo traballo. "Bule co almoço, mamá". Berraban Miguel e Antón antes de marcharen para a súa importantísima escola...


Así un día e outro día, ata que a señora Porcón se fartou de que sempre a trataran coma unha criada. Cando decide marchar, a súa nota de despedida é demoledora:

"Sodes uns porcos!". Papá Porcón e os seus fillos terán daquela que facerse cargo de tódalas tarefas domésticas que antano tiñan resoltas: limpar, facer a comida, as camas, pasar o ferro...

"O libro dos porcos" é un traballo altamente recomendable para iniciar aos lectores nunha educación baseada na igualdade, na colaboración e no concepto de familia. O autor válese dunha sinxela metáfora visual para explicar o seu obxectivo: no momento no que o aseo e as normas do fogar se descoidan, os protagonistas son representados non como persoas, senón como cochos. A figura do porco permite así reflexionar sobre os diferentes significados -literais ou figurados- desta palabra tan simbólica: ser porco ou comportarse como tal.



O libro dos Porcos



Anthony Browne

Kalandraka

- **Temática:** educar sobre compartir as tarefas do fogar.
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.
- **Aspectos destacables:** clásico de 1986; do autor e ilustrador de "Un paseo polo parque", "No bosque", "Sacapenas", "Que tal estás?" e "Un gorila. Un libro para aprender a contar"; ilustracións realistas con elementos surrealistas; coeducación, educación pola igualdade, sen machismo, problemas familiares, dereitos das mulleres; espazos domésticos.

Anthony Browne

(Sheffield, Inglaterra, 1946)

Graduado no Leeds College of Art, especializouse en deseño gráfico. O seu afán perfeccionista pola representación da figura humana provén da influencia dos seus primeiros traballos como debuxante de temas médicos nun hospital de Manchester. A súa adicación á ilustración infantil corresponde a unha etapa posterior, como deseñador de tarxetas de felicitación. O seu estilo revela un interese polos pintores surrealistas, as escenas oníricas e a introdución de elementos estranhos nas ilustracións. Entre os galardóns que recibiu destacan a Medalla Kate Greenaway, o premio Kurt Maschler, a Medalla Children's Laureate 2009, e o Premio Hans Christian Andersen 2000 pola súa traxectoria. É un dos autores ingleses máis prestixiosos pola súa contribución ao desenvolvemento de novas formas de ler, ver e relacionarse coa linguaxe plástica. Así o demostran títulos como "No bosque", "Sacapenas", "O libro dos porcos", "Que tal estás?" ou "Un gorila. Un libro para aprender a contar", editados por KALANDRAKA. O seu traballo crea un universo cheo de referencias culturais e artísticas, pistas visuais e claves que valoran a intelixencia do lector para completar e interpretar o texto, independentemente da súa idade.

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com